

BEATRIZ DE OTTO LÓPEZ_(bdeotto@uniovi.es)_Departamento de Economía Cuantitativa, Universidade de Oviedo, España
VERÓNICA CAÑAL-FERNÁNDEZ_(vcanal@uniovi.es)_Departamento de Economía, Universidade de Oviedo, España

O sistema electoral autonómico en Asturias: análise e alternativas

El sistema electoral autonómico en Asturias: análisis y alternativas

Review of Regional Electoral System in Asturias: Consequences and Alternatives

& Resumo: O sistema electoral empregado para a elección dos deputados do parlamento rexional de Asturias é similar ao utilizado nas eleccións xerais en España, aínda que non produce desequilibrios tan notables e persistentes como este. Porén, este sistema caracterizado por unha distribución territorial do voto asimétrica, pode dar lugar a que o partido máis votado obteña menos representantes que o segundo, como aconteceu nas últimas eleccións autonómicas en 2011. O motivo é a acusada diferenza no número de escaños que se elixen en cada unha das tres circunscricións electorais independentes. Canto máis se concentren os votos dun partido nas circunscricións máis pequenas, maior é a súa sobre representación en escaños, e á inversa. Neste traballo se propón unha reforma do sistema electoral que trata de corrixir a falla de proporcionalidade e, mediante un reparto bi-proporcional, garantir que un partido non obteña menos deputados ca outro con menos votos. Ademais, suxírese a posibilidade de implantar un mecanismo de voto preferencial para desbloquear as listas electorais.

& Palabras clave: Sistema electoral, proporcionalidade, reparto bi-proporcional, voto preferencial

& Resumen: El sistema electoral empleado para la elección de los diputados del parlamento regional de Asturias es similar al utilizado en las elecciones generales en España, aunque no produce desequilibrios tan notables y persistentes como éste. Sin embargo, este sistema caracterizado por una distribución territorial del voto asimétrica, puede dar lugar a que el partido más votado obtenga menos representantes que el segundo, como ocurrió en las últimas elecciones autonómicas en 2011. El motivo es la acusada diferencia en el número de escaños que se eligen en cada una de las tres circunscripciones electorales independientes. Cuanto más se concentren los votos de un partido en las circunscripciones más pequeñas, mayor es su sobrerrepresentación en escaños, y a la inversa. En este trabajo se propone una reforma del sistema electoral que trata de corregir la falta de proporcionalidad y, mediante un reparto bi-proporcional, garantizar que un partido no obtenga menos diputados, que otro con menos votos. Además, se sugiere la posibilidad de implantar un mecanismo de voto preferencial para desbloquear las listas electorales.

& Palabras clave: Sistema Electoral; Proporcionalidad; Reparto Bi-proporcional; Voto Preferencial.

& Abstract: The electoral system used for the election of Deputies of the Asturian regional parliament is very similar to that used in the general elections in Spain, but does not produce so remarkable and persistent imbalances like this latest. However, this system, characterized by an asymmetric spatial distribution of voting, allows that the largest electoral party gets fewer representatives than the second one, as it happened in recent regional elections in 2011. The reason is the sharp difference in the number of seats to be elected in each of the three independent constituencies. The more the votes of a party are concentrated in the smaller constituencies, greater it will be their over-representation in seats, and vice versa. This paper proposes a reform of the electoral system that tries to correct the lack of proportionality and ensure that, a party does not get fewer deputies than other, with fewer votes, through a bi-proportional apportionment. Furthermore, it gets suggest the possibility of implementing a preferential voting mechanism to unlock the electoral lists.

& Key words: Electoral System, proportionality, bi-proportional apportionment, preferential vote

INTRODUCCIÓN

O Principado de Asturias ten un sistema electoral propio para a elección dos membros da Junta General del Principado¹ (Llera Ramo, 1998). A característica distintiva deste sistema é que divide o territorio do Principado de Asturias para as eleccións en tres circunscricións electorais que agrupan varios concellos. Xunto a Murcia, é a única comunidade autónoma peninsular que utiliza como circunscrición electoral zonas inferiores á provincia.

A lei establece que o reparto debe realizarse de forma independente en cada circunscrición electoral correspondendo a cada unha un mínimo inicial de 2 deputados dos 45 a elixir, distribuíndose os 39 restantes entre elas en proporción á súa poboación de dereito (Título III, Art. 12). Ademais, utilízase o método D'Hondt baseado na asignación dos escaños en función dos votos obtidos nas eleccións cunha barreira electoral do 3%, é dicir, calquera candidatura que recibira menos dun 3% dos votos válidos emitidos nunha circunscrición é excluída do reparto de escaños nela.

En consecuencia, a súa representación non é proporcional á súa poboación, senón que as circunscricións menos poboadas ou as que distribúen menos escaños están sobre-representadas a costa da máis poboadas, onde o custo en votos dun escaño é moi superior. Esta característica é común á maioría dos sistemas electorais autonómicos en España e ao empregalo nas eleccións ao Congreso dos Deputados, caracterizado pola acusada diferenza no número de escaños que se elixen nas súas circunscricións (Dieter e Rainer-Olaf, 1985; Montero et al., 1992; Ramírez-González e Márquez-García, 2010).

Nos sistemas proporcionais caracterizados por unha distribución territorial do voto asimétrica, os resultados consistentes en máis votos e menos escaños son posibles. Así ocorreu nas últimas eleccións, celebradas o 22 de maio de 2011, nas que o partido gañador en votos, o PSOE, ten menos deputados na cámara que o segundo, FAC –partido de recente creación, escindido do PP-. O recuento dos votos en urnas nas eleccións de 2007 produciu un resultado similar entre os dous primeiros partidos, entón PP e PSOE. Esta discrepancia desapareceu despois do cómputo dos votos dos residentes ausentes, que favoreceu ao PSOE, o cal resultou gañador tanto en votos como en escaños.

A causa deste desequilibrio está máis relacionada coa diferente magnitude das circunscricións, que xerou certa desproporcionalidade, que co método D'Hondt empregado para o reparto ou outras características do sistema. Noutras palabras, pode ocorrer que dous partidos cun número moi diferente de votos obteñan o mesmo número de escaños cando o número de deputados a elixir é demasiado pequeno.

Neste traballo analízanse os mecanismos a través dos que a agregación dos resultados das circunscricións asturianas pode dar lugar a que un partido que non fora vencedor en termos de votos obteña, cando menos unha pluralidade dos escaños. Ademais, propónse un sistema de repartición bi-proporcional que restablece a proporcionalidade e evita discrepancias entre votos e escaños, é dicir, garante que a ordenación de partidos atendendo aos seus votos coincida coa ordenación segundo o número de deputados que obtén cada un. Esta técnica ten a calidade de asignar o mesmo valor a todos os votos que recibe unha candidatura, con independencia da circunscrición na que se produzan, o cal debilita o argumento do voto útil (Moreno e Oñate, 2004) e incentiva unha estratexia de voto sincero. Tamén se suxire a posibilidade de desbloquear as listas electorais –actualmente pechadas e bloqueadas– mediante un mecanismo denominado de Xuízo Maioritario desenvolvido por Balinski e Laraki (2009). Este mecanismo permite, pero non esixe aos electores valorar ou censurar a

cada candidato da lista da súa elección, co obxecto de dar máis capacidade de decisión e participación crítica aos votantes.

O resto do artigo estrutúrase do modo seguinte. Na sección dúas descríbense os compoñentes do sistema electoral no Principado de Asturias, destacando as súas características. Na sección tres preséntase, de forma resumida, as posibles causas dos desequilibrios rexistrados. A proposta dun método de repartición bi-proporcional con Xuízo Maioritario desenvólvese na cuarta sección. Finalmente, na quinta sección resúmense as principais conclusións obtidas.

O SISTEMA ELECTORAL ASTURIANO

A distribución territorial de escaños: el rateo electoral e a magnitude das circunscricións

O Título III da Lei 14/1986, de 26 de Decembro, divide o territorio do Principado de Asturias para as eleccións nas circunscricións electorais de Centro, Occidente e Oriente. Así mesmo, o Art. 12 da devandita Lei establece como debe calcularse o número de deputados que corresponde a cada unha:

“A Xunta Xeral do Principado componse de corenta e cinco Deputados, correspondendo a cada circunscrición un número inicial de dous Deputados e distribuíndose os 39 restantes entre as mesmas en proporción á súa poboación de dereito, conforme ao seguinte procedemento:

- a) Obtida a cota de repartición que será o resultado de dividir por trinta e nove a cifra total de poboación de dereito de Asturias, adxudícase a cada circunscrición tantos Deputados como resulten, en números enteiros, de dividir a respectiva poboación de dereito pola cota de repartición.
- b) Os Deputados restantes distribúense asignando un a cada unha das circunscricións cuxo cociente resultante da operación prevista no apartado anterior, teña unha fracción decimal maior”.

Así, o cálculo dos deputados de cada circunscrición ten dúas etapas:

- a) Na primeira, asígnanse dous escaños a cada circunscrición;
- b) Na segunda, utilízase o método dos Restos Maiores (método Hare) para distribuír os trinta e nove deputados restantes ás circunscricións en proporción á súa poboación. A cota dunha circunscrición é o resultado de multiplicar o número de postos a repartir, neste caso 39, pola proporción que a poboación da circunscrición representa sobre a poboación total. O método de Restos Maiores asigna inicialmente a cada circunscrición un número de representantes igual á parte enteira da súa cota. Se, como adoita suceder, as cotas non son números enteiros, este cálculo deixa escaños sen asignar, no noso caso dous escaños. Estes deben asignarse até completar a repartición, de un en un e por orde, ás circunscricións cuxas cotas teñen maiores restos decimais (Táboa 1).

Táboa 1. Tamaño das circunscricións co método de Restos Maiores (Hare) con mínimos

	Poboación (persoas)	Primeira etapa	Segunda etapa	Representantes segunda etapa	Total
Circunscrición Central	888.009	2	31,939	31+1	34
Circunscrición Occidental	121.330	2	4,364	4	6
Circunscrición Oriental	75.002	2	2,698	2+1	5
Total provincial	1.084.341	6	37	39	45

Fonte: elaboración propia.

Este método de Restos Maiores parece unha forma natural e sinxela de resolver o problema que expoñen as cotas non enteiras. Con todo, é un método desaconsellable porque non posúe a propiedade de monotónía², é dicir, é posible que algún territorio perda representación cando o número de postos a repartir aumenta, e se repartira co mesmo censo. Este fenómeno coñécese como o *Paradoxo de Alabama*. Tamén poden producirse resultados indesexables, como o descrito polo *Paradoxo da Poboación*: é posible que, sen alterar o número de representantes, se cambia o número de habitantes, un territorio pode perder un representante a favor doutro territorio, mesmo se a poboación do primeiro territorio crece máis que a do segundo. Balinski e Young demostraron en 1982 que todos os métodos de repartición, excepto os métodos do divisor, presentan o *Paradoxo da Poboación*.

A pesar destes inconvenientes e de que algúns investigadores consideran que Restos Maiores non se pode aceptar como método de repartición proporcional debido á súa inconsistencia, foi empregado en varios sistemas electorais e utilízase na actualidade para a repartición dos escaños do Congreso dos Deputados entre as distintas provincias españolas (Urdánoz Ganuza, 2006, 2008).

Como funciona o sistema electoral asturiano? A continuación examinaremos as súas principais características. A poboación de Asturias, segundo datos do INE a 1 de xaneiro de 2010 é de 1.084.341. A súa distribución entre as tres circunscricións electorais é moi desigual (Táboa 2), e está moi concentrada no territorio central. Os 9 municipios máis poboados, incluídos Oviedo e Xixón, aos que corresponde máis do oitenta por cento da poboación asturiana, pertencen á circunscrición Central. As dúas circunscricións laterais, que agrupan a un once e un sete por cento da poboación, respectivamente, están sobre representadas no parlamento rexional, especialmente a Oriental, que conta co 11% dos escaños. Este tipo de repartición non é proporcional, é dicir, os deputados son “máis baratos” nuns sitios que noutros. No noso caso, un deputado da circunscrición central está votado por:

$$\frac{888.009}{34} = 26.117,91$$

votantes, mentres que cada deputado pola circunscrición oriental estáo por:

$$\frac{75.002}{5} = 15.000,40$$

Isto débese non tanto ao método elixido para a repartición dos 39 escanos senón á asignación inicial de dous escanos fixos a cada circunscrición, é dicir, un total de seis deputados quedan excluídos da repartición proporcional, que só afecta aos 39 restantes. Noutras palabras, ao resultado dunha repartición proporcional de 39 deputados súmase unha cantidade fixa de dous postos por circunscrición que reducen a proporcionalidade anterior e causan as diferenzas de representatividade descritas.

Táboa 2. Reparto dos escanos ás circunscricións

	Poboación (persoas)	% sobre o total provincial	% sobre a circunsc. actual	Cota sobre 45 deputados	Nº deputados por circunsc. actual	Cota sobre circunsc. actual
Total provincial	1.084.341					
Circunscrición Central	888.009	81,89	100,00	36,85	34	34,00
Xixón	277.198	25,56	31,22	11,50	34	10,61
Oviedo	225.155	20,76	25,36	9,34	34	8,62
Avilés	84.202	7,77	9,48	3,49	34	3,22
Siero	51.730	4,77	5,83	2,15	34	1,98
Langreo	45.397	4,19	5,11	1,88	34	1,74
Mieres	43.688	4,03	4,92	1,81	34	1,67
Castrillón	22.832	2,11	2,57	0,95	34	0,87
San Martín del Rey Aurelio	18.549	1,71	2,09	0,77	34	0,71
Corvera de Asturias	16.109	1,49	1,81	0,67	34	0,62
Llaviana	14.160	1,31	1,59	0,59	34	0,54
Llanera	13.919	1,28	1,57	0,58	34	0,53
Lena	12.705	1,17	1,43	0,53	34	0,49
Aller	12.582	1,16	1,42	0,52	34	0,48

	Poboación (persoas)	% sobre o total provincial	% sobre a circunsc.	Cota sobre 45 deputados	Nº deputados por circunsc. actual	Cota sobre circunsc. actual
Carreño	11.000	1,01	1,24	0,46	34	0,42
Gozón	10.788	0,99	1,21	0,45	34	0,41
Noreña	5.470	0,50	0,62	0,23	34	0,21
Soto del Barco	4.056	0,37	0,46	0,17	34	0,16
Morcín	2.921	0,27	0,33	0,12	34	0,11
Riosa	2.187	0,20	0,25	0,09	34	0,08
Regueras (As)	2.003	0,18	0,23	0,08	34	0,08
Ribera de Arriba	1.989	0,18	0,22	0,08	34	0,08
Bimenes	1.894	0,17	0,21	0,08	34	0,07
Caso	1.848	0,17	0,21	0,08	34	0,07
Quirós	1.341	0,12	0,15	0,06	34	0,05
Sariego	1.322	0,12	0,15	0,05	34	0,05
Illas	1.004	0,09	0,11	0,04	34	0,04
Sobrescobio	898	0,08	0,10	0,04	34	0,03
Proaza	814	0,08	0,09	0,03	34	0,03
Santo Adriano	248	0,02	0,03	0,01	34	0,01
Circunscrición Occidental	121.330	11,19	100,00	5,04	5	5,00
Cangas del Narcea	14.445	1,33	11,91	0,60	6	0,71
Valdés	13.371	1,23	11,02	0,55	6	0,66
Tineo	11.018	1,02	9,08	0,46	6	0,54
Grado	11.003	1,01	9,07	0,46	6	0,54
Navia	9.085	0,84	7,49	0,38	6	0,45
Pravia	9.012	0,83	7,43	0,37	6	0,45
Salas	5.886	0,54	4,85	0,24	6	0,29
Cudillero	5.763	0,53	4,75	0,24	6	0,28

	Poboación (persoas)	% sobre o total provincial	% sobre a circuncsc.	Cota sobre 45 deputados	Nº deputados por circuncsc. actual	Cota sobre circuncsc. actual
Vegadeo	4.222	0,39	3,48	0,18	6	0,21
Tapia de Casariego	4.121	0,38	3,40	0,17	6	0,20
Franco (El)	4.046	0,37	3,33	0,17	6	0,20
Castropol	3.807	0,35	3,14	0,16	6	0,19
Coaña	3.464	0,32	2,86	0,14	6	0,17
Candamo	2.160	0,20	1,78	0,09	6	0,11
Allande	2.031	0,19	1,67	0,08	6	0,10
Muros de Nalón	1.959	0,18	1,61	0,08	6	0,10
Teverga	1.932	0,18	1,59	0,08	6	0,10
Boal	1.928	0,18	1,59	0,08	6	0,10
Belmonte de Miranda	1.751	0,16	1,44	0,07	6	0,09
Ibias	1.698	0,16	1,40	0,07	6	0,08
Villayón	1.543	0,14	1,27	0,06	6	0,08
Somiedo	1.410	0,13	1,16	0,06	6	0,07
Degaña	1.223	0,11	1,01	0,05	6	0,06
Grandas de Salime	1.036	0,10	0,85	0,04	6	0,05
Taramundi	733	0,07	0,60	0,03	6	0,04
San Tirso de Abres	542	0,05	0,45	0,02	6	0,03
Santa Eulalia de Oscos	501	0,05	0,41	0,02	6	0,02
Illano	465	0,04	0,38	0,02	6	0,02
San Martín de Oscos	433	0,04	0,36	0,02	6	0,02

	Poboación (persoas)	% sobre o total provincial	% sobre a circunsc.	Cota sobre 45 deputados	Nº deputados por circunsc. actual	Cota sobre circunsc. actual
Villanueva de Oscos	388	0,04	0,32	0,02	6	0,02
Pesoz	184	0,02	0,15	0,01	6	0,01
Yernes y Tameza	170	0,02	0,14	0,01	6	0,01
Circunscrición Oriental	75.002	6,92	100,00	3,11	4	4,00
Villaviciosa	14.840	1,37	19,79	0,62	5	0,99
Llanes	13.950	1,29	18,60	0,58	5	0,93
Piloña	7.994	0,74	10,66	0,33	5	0,53
Cangas de Onís	6.756	0,62	9,01	0,28	5	0,45
Ribadesella	6.301	0,58	8,40	0,26	5	0,42
Parres	5.804	0,54	7,74	0,24	5	0,39
Nava	5.635	0,52	7,51	0,23	5	0,38
Colunga	3.778	0,35	5,04	0,16	5	0,25
Cabrales	2.253	0,21	3,00	0,09	5	0,15
Ribadedeva	1.865	0,17	2,49	0,08	5	0,12
Peñamellera Baja	1.326	0,12	1,77	0,06	5	0,09
Cabranes	1.080	0,10	1,44	0,04	5	0,07
Amieva	805	0,07	1,07	0,03	5	0,05
Onís	797	0,07	1,06	0,03	5	0,05
Ponga	678	0,06	0,90	0,03	5	0,05
Peñamellera Alta	607	0,06	0,81	0,03	5	0,04
Caravia	533	0,05	0,71	0,02	5	0,04

Fonte: elaborado a partir das cifras oficiais de Poboación resultantes da revisión do Padrón municipal a 1 de xaneiro de 2010. INE.

O obxectivo do lexislador era o de asegurar polo menos dous representantes a cada territorio e, ao mesmo tempo, conseguir que a representación sexa “proporcional á poboación de dereito”, pero o procedemento establecido sacrifica o segundo obxectivo

ao fixar un mínimo previo que se exclúe da repartición proporcional. É posible, con todo, alcanzar ambos os obxectivos se se inviste a orde do proceso. Isto é, asignaríanse os 45 escaños segundo o método Restos Maiores. Se algunha circunscrición non obtivese polo menos dous representantes, utilizaríase unha repartición proporcional con mínimos, é dicir, asígnanse dous representantes á devandita circunscrición e os 43 restantes utilizando o Método Restos Maiores. Así se conservaría mellor a proporcionalidade orixinal que co procedemento actual.

Neste caso, abundan aproximadamente 24.000 electores para elixir un deputado, é dicir, o voto dun cidadán de cada unha das tres circunscricións ten, en termos de representación parlamentaria, un valor similar (Táboa 3).

Táboa 3. Tamaño das circunscricións co método de Restos Maiores (Hare)

	Poboación (persoas)	Escanos	Restos	Total	Votos por deputado
Circunscrición Central	888.009	36,852	36+1	37	24.000,24
Circunscrición Occidental	121.330	5,035	5	5	24.266,00
Circunscrición Oriental	75.002	3,113	3	3	25.000,67
Total provincial	1.084.341	44	45	45	

Fonte: elaboración propia.

A FÓRMULA ELECTORAL E AS BARREIRAS DE ENTRADA

Métodos dos divisores

A elección dos representantes do Congreso dos Deputados en España, ou do Parlamento dentro de cada Comunidade Autónoma presenta problemas de asignación proporcional: a repartición do total dos escaños do Parlamento por provincias e, dentro de cada provincia, a posterior repartición dos correspondentes escaños entre os partidos políticos concorrentes (Márquez e Ramírez, 1998; Urdániz Ganuza, 2007).

Supoñamos que hai que repartir unha cantidade de escaños E entre n formacións políticas a partir do número de votos v_1, v_2, \dots, v_n que recibe cada partido. Se e_1, e_2, \dots, e_n representa o número de escaños asignados aos partidos $1, 2, \dots, n$ un método de asignación proporcional determina os números enteiros e_1, e_2, \dots, e_n de modo que os cocientes

$$\frac{e_1}{v_1}, \frac{e_2}{v_2}, \dots, \frac{e_n}{v_n} \text{ sexan o máis parecidos entre si.}$$

Se definimos as cotas c_1, c_2, \dots, c_n asociadas ao número de votos v_1, v_2, \dots, v_n como a parte do número de escaños proporcional ao número de votos

$$c_i = \frac{v_i}{v_1 + v_2 + \dots + v_n} E = \frac{v_i}{V} E \quad (1)$$

e se estas cotas fosen números enteiros, que necesariamente suman E , non habería ningún problema xa que a solución sería $e_i = c_i$ xa que os cocientes

$$\frac{e_i}{v_i} = \frac{E}{V}, \text{ onde } V = v_1 + v_2 + \dots + v_n \text{ sería o total de votos.}$$

En xeral, como as cotas non son números enteiros e non podemos asignar fraccións de escanos, xorde o problema do reparto. Unha solución ao problema de asignación proporcional enteira consistirá en encontrar uns números enteiros e_1, e_2, \dots, e_n próximos ás cotas e que sumen E .

Os distintos métodos de asignación proporcional difiren na forma en que asignan un número enteiro de escanos a candidaturas con cotas non enteiras (Pombais-Bautista e Ramírez-González, 2003). En concreto, os métodos dos divisores difiren en función do criterio divisor que se utilice, é dicir, diferéncianse na elección do decimal que caracteriza a cada un deles. Dada a ausencia de transparencia que caracteriza ás fórmulas de divisor xa que non se sabe con claridade que é o que estamos a facer cando achamos, por exemplo, a repartición que realiza D'Hondt para un determinado escrutinio, Gallagher (1991, 1992) desenvolve unha estratexia que converte as fórmulas con mecanismo de divisor en fórmulas con mecánica de cota e restos. Isto implica que cada sucesión de divisores efectúa unha repartición mediante un prezo por escano (cota) e un criterio de redondeo (para os restos), repartindo exactamente os E escanos a asignar.

O Art. 13 da Lei establece que a atribución de escanos ás distintas candidaturas calcúlase aplicando o método D'Hondt³ en cada circunscrición, despois de excluír as candidaturas que non alcanzaran, polo menos, o 3% dos votos válidos emitidos na circunscrición.

O método D'Hondt ou dos divisores naturais é un método de repartición proporcional que busca o menor prezo posible que asigna os E escanos sen ter en conta os restos, polo tanto, beneficiará aos grandes partidos, posto que os pequenos non alcanzan ese prezo e ademais o seu resto non é tido en conta. Caracterízase por redondear as cotas á súa parte enteira. Así, repártese un número de postos igual á suma das partes enteiras das cotas, e, polo tanto, menor que o número de deputados a elixir. Por iso, é necesario buscar un factor co que multiplicar todas as cotas de maneira que a suma das partes enteiras de tales produtos sexa igual ao número de postos que deben ser asignados. Neste caso, o factor corrector é sempre maior ca un.

A continuación preséntase a asignación que resultaría de aplicar aos datos das eleccións autonómicas de 2011 obtidos na circunscrición occidental (6 escanos) a regra D'Hondt.

En primeiro lugar ordénanse os resultados electorais de maior a menor e calcúlase a porcentaxe de cada un sobre o total de votos válidos, tendo en conta os votos en branco. En segundo lugar descártanse as candidaturas que non alcanzan a porcentaxe mínima e constrúese a Táboa 4 con tantas columnas como número de escanos a repartir. Complétanse as columnas dividindo os votos de cada candidatura entre 1, 2, 3, 4, 5 e 6, neste caso. Os deputados adxudícanse a cada un do seis coeficientes maiores, en orde decrecente. Desta

forma queda configurada a repartición entre cada candidatura: dous deputados para cada un do tres partidos maioritarios, PSOE, PP e FAC. O prezo por escano (cota) é de 9.203 votos, xa que este é o cociente máis pequeno do seis marcados en negra e o criterio de redondeo (restos) de D'Hondt es 1 (Táboa 5).

Táboa 4. Resultado de aplicar o método D'Hondt

Candidaturas	Votos	% válido	votos/1	votos/2	votos/3	votos/4	votos/5	votos/6	Reparto
PSOE	26.975	36,40	26.975(1)	13.487,50(4)	8.991,67	6.743,75	5.395,00	4.495,83	2
PP	18.538	25,02	18.538(2)	9.269,00(5)	6.179,33	4.634,50	3.707,60	3.089,67	2
FAC	18.406	24,84	18.406(3)	9.203,00(6)	6.135,33	4.601,50	3.681,20	3.067,67	2
IU-LOS VERDES	5.814	7,85	5.814	2.907,00	1.938,00	1.453,50	1.162,80	969,00	0
Votos válidos	74.098*	100,00							0

Fonte: elaborado a partir dos datos publicados polo Ministerio do Interior. Subsecretaría. Dirección Xeral de Política Interior 2011.

*O número total de votos válidos inclúe os votos dos 16 partidos políticos existentes en Asturias.

Táboa 5. Resultado de aplicar o método D'Hondt: prezo por escano e redondeo

Candidaturas	Votos	Entre 9.203	Escanos iniciais	Resto	Criterio de redondeo: supera ou iguala a 1?	Total
PSOE	26.975	2,93	2	0,93	no	2
PP	18.538	2,01	2	0,01	no	2
FAC	18.406	2,00	2	0	no	2
IU-LOS VERDES	5.814	0,63	0	0,63	no	0

Fonte: elaborado a partir dos datos publicados polo Ministerio do Interior. Subsecretaría. Dirección Xeral de Política Interior 2011.

Como se pode observar, este método favorece os partidos maioritarios. Este efecto, combinado co pequeno tamaño das circunscricións laterais e a infra representación da central concede unha prima de representación a estes partidos.

Os argumentos en contra deste sistema de repartición actual son os seguintes: en primeiro lugar, os votos aos partidos que non alcanzan representación nas circunscricións pequenas non teñen ningún efecto na repartición, xa que fai falta unha porcentaxe de votos moi elevada para obter un escano e se non se alcanza, eses votos insuficientes quedan sen representación.

Esta baixa proporcionalidade escanos/votos supón ademais unha chamada ao “voto útil” nas circunscricións pequenas que favorece aos partidos maioritarios. En segundo lugar, os partidos pequenos que só poden aspirar a obter representación na circunscrición central fano precisamente naquela na que maior é o custo (en votos) dun escano, xa que é aquí onde hai menos deputados por elector.

O argumento a favor é que ao contribuír á formación de maiorías, pode evitar unha excesiva atomización do parlamento e facilitar a gobernabilidade.

Outro método é o denominado Webster, Sainte Laguë ou de divisores impares (Táboa 6). Utiliza o redondeo estándar ao enteiro máis próximo, é dicir, cara arriba se a parte decimal é superior a 0,5 e cara abaixo en caso contrario. O criterio de redondeo de Adams é cero; o método de Dean redondea cara arriba só se a cota está por encima da media harmónica dos dous enteiros máis próximos; o método de Hill-Huntington redondea cara arriba as cotas que exceden a media xeométrica dos enteiros máis próximos e emprégase actualmente para determinar o número de representantes que corresponden a cada Estado dos EEUU na Cámara dos Representantes.

Táboa 6. Resultado de aplicar o método de Sainte Laguë

Candidaturas	Votos	% válido	votos/1	votos/3	votos/5
PSOE	26.975	36,40	26.975(1)	8.991(4)	5.395
PP	18.538	25,02	18.538(2)	6.179(5)	3.707
FAC	18.406	24,84	18.406(3)	6.135(6)	3.681
IU-LOS VERDES	5.814	7,85	5.814	1.938	1.162
Votos válidos	74.098	100			

Fonte: elaborado a partir dos datos publicados polo Ministerio do Interior. Subsecretaría. Dirección Xeral de Política Interior 2011.

